BASES DO CONCURSO DE IDEAS DE BRAND CONTENT/ESTRELLA GALICIA

Estrella Galicia e Conecta FICTION organizan un concurso de ideas (proxectos) co obxectivo de atopar aquela que mellor se identifique co decálogo e o ideario da empresa e a marca Estrella Galicia (ver anexo I) (o Concurso). O concurso terá lugar no marco da 2ª edición do evento de Coprodución Internacional Conecta FICTION, que terá lugar en Santiago de Compostela os días 18 a 21 de xuño de 2018 (tamén denominado evento).

1.- OBXECTO

Este documento establece as normas para a presentación de proxectos ao concurso e para a súa avaliación e selección (as bases). A presentación dun proxecto ao concurso implica a aceptación tácita destas bases.

2.- PRESENTACIÓN DE PROXECTOS; REQUISITOS DE ADMISIBILIDADE

1.- Esta convocatoria está aberta a todas as persoas autoras residentes en España que desexen presentarse.

2.- Non é necesario estar acreditado en Conecta FICTION para poder participar no Concurso.

3.- A presentación de proxectos ao concurso é gratuíta.

4.- Os proxectos serán presentados en liña a través do sitio web de Conecta FICTION. Non se aceptarán proxectos entregados vía postal.

5.- A data límite de recepción de proxectos é o 1 de xuño de 2018 . Conecta FICTION resérvase o dereito de rexeitar calquera proxecto entregado despois desta data.

6.- Cada participante poderán enviar un único proxecto.

7.- Os proxectos presentados deben ser inéditos, non ser presentados antes a outros concursos.

8.- Os proxectos deben presentarse só en español.

9.- Os proxectos serán presentados nunha extensión máxima de 500 palabras nun documento Word.

10.- Os proxectos deben contemplar a súa realización en formato audiovisual multipantalla que permita unha total exposición da marca.

11.- Conecta FICTION non se responsabiliza dos custos derivados de traslado, envíos postais, deseños gráficos, etc.

12.- Ao presentar un proxecto ao concurso quen o presente garante que o seu proxecto non contén materiais de terceiros protexidos por dereitos de autoría (tales como, por exemplo, sen carácter limitativo, obras preexistentes, subxacentes, imaxes ou música) sen obter primeiro todas as

licenzas, autorizacións, cesións e/ou permisos necesarios. Quen presente os proxectos que non posúa a titularidade dos dereitos de explotación da propiedade intelectual sobre o proxecto presentado ao concurso debe obter o consentimento escrito das persoas titulares do proxecto ou dos elementos creativos incluídos neste que sexan titularidade de terceiros para a súa presentación nos termos aquí estipulados e para obrigarse por estas bases. A hai requerimento de Conecta FICTION, deberán proporcionar unha copia do dito consentimento e/ou acordo escrito do titular dos dereitos.

13.- A presentación dun proxecto ao concurso non implica a cesión nin a transferencia de ningún tipo a favor de Conecta FICTION, de ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial sobre o proxecto ou calquera dos seus elementos.

14.- A presentación de proxectos ao concurso ou a súa selección non leva aparellada a acreditación para os 3 días para Conecta FICTION (ver detalle no parágrafo 4). A sede de Conecta FICTION está restrinxida unicamente as persoas participantes acreditadas.

3.- SELECCIÓN DE PROXECTOS

Un xurado formado por representantes de Estrella Galicia, e profesionais do sector audiovisual seleccionarán entre todos os proxectos presentados os cinco (5) que mellor se identifiquen co decálogo e ideario da empresa, tendo en conta igualmente a creatividade, orixinalidade e innovación, ao único criterio do xurado.

Os proxectos seleccionados seranlles anunciados por correo electrónico ás persoas autoras a semana do 4 de xuño de 2018 .

Unha vez realizada a selección dos 5 proxectos non se aceptará ningún tipo de reclamación.

Notificaráselles aos demais participantes cales son os proxectos non seleccionados.

4.- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS AUTORAS DOS PROXECTOS SELECCIONADOS NO EVENTO; SELECCIÓN DO PROXECTO GANADOR

A cada un dos autores dos 5 proxectos seleccionados (ou en caso de varias persoas autoras, unha en representación do proxecto), entregaráselles un pase de un día que lles dará acceso ao evento para o 20 de xuño de 2018, día en que terá lugar a sesión de *pitch* Estrella Galicia e a entrega de premios e ao evento de noite dese día.

O 20 de xuño de 2018 as persoas autoras poderán defender o seu proxecto fronte a un xurado profesional formado por Estrella Galicia e profesionais do mundo da comunicación.

Conecta FICTION e Estrella Galicia non se farán cargo dos gastos de desprazamento, estancia e manutención en Santiago de Compostela das persoas autoras dos proxectos seleccionados.

Entre os 5 proxectos seleccionados o xurado seleccionará o que mellor se identifiquen co decálogo e ideario da empresa tendo en conta igualmente a creatividade, orixinalidade e innovación do proxecto, co único criterio do xurado, e este será quen gañe o concurso.

Quen gañe o concurso darase a coñecer durante a estrea do 20 de xuño pola noite.

5.- PREMIO

Estrella Galicia premiará a quen gañe o concurso con 3.000 euros para o desenvolvemento do proxecto e o gañador recibirá ademais o seu peso en cervexa (vestido)!

A concesión do premio por 3.000 € está condicionada á firma pola(s) persoa(s) autora(s) do proxecto gañador dun contrato de desenvolvemento da primeira versión do guión -de 5 a 10 minutos de duración- durante o prazo de un (1) mes con Estrella Galicia. Neste contrato a(s) persoa(s) autora(s) cedera(n)lle a Estrella Galicia, en exclusiva, con facultade de cesión a terceiros en exclusiva, para todo o mundo e ata o paso do proxecto a dominio público, todos os dereitos de explotación da propiedade Intelectual, e en especial, a título enunciativo, os dereitos de fixación, reprodución, distribución, comunicación pública e transformación. No suposto de que, transcorrido un (1) ano desde a firma do dito contrato Estrella Galicia non iniciase a produción do proxecto, os dereitos de explotación sobre este reverterán automaticamente na(s) persoa(s) autora(s).

6- CONFIDENCIALIDADE E MÁRKETING

Os documentos fornecidos xunto coas presentacións dos Proxectos son estritamente confidenciais e non se poden publicar salvo que se indique o contrario a continuación.

Conecta FICTION publicará unha lista dos proxectos seleccionados, que incluirá o título do proxecto, o país de orixe e a súa autoría nas súas comunicacións e boletíns de márketing e promocionais, e no sitio web de Conecta FICTION, así como na prensa.

7- LEI APLICABLE E FORO

Estas bases rexeranse e interpretaranse de conformidade coas leis de España e as partes someteranse á xurisdición dos tribunais de Madrid, España.

Lin e acepto as bases do Concurso Brand Content Estrella Galicia. Tamén entendo que presentar o meu proxecto non garante a súa

selección, e que se non respectou as bases, o meu proxecto pode ser rexeitado.